

ACTA Nº 54 DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

LUGAR: Facultade de Formación do Profesorado

A sesión realízase a distancia, sesión virtual a través da plataforma institucional Ms Teams, de acordo coa lexislación aplicable no artigo 17 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e co “Protocolo para o uso de medios electrónicos nas reunión de órganos colexiados da USC” publicado no Taboleiro Electrónico da USC o 28/04/2020.

DATA: 23 de maio de 2024

HORA DE COMEZO: 11:00 h.

HORA DE REMATE: 12:40 h.

ASISTENTES

Aznar Cuadrado, Virginia (PDI)
Campos Magdaleno, María (PDI)
Fernández Fernández, Natalia (Representante de estudantes)
López Gómez, Santiago (PDI)
López Rúa, Paula (PDI)
Romero Castro, María José (PDI)
Santamaría Queiruga, Olaya (PDI)
Sarceda Gorgoso María Carmen (PDI)
Simil Romero, Isabel (Representante de estudantes)
Souto Seiyo, Alba María (PDI)

DESCULPA ASISTENCIA

Brao Viña, Ana M^a (PAS)

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación, se procede, das actas das sesións anteriores (achéganse actas).
2. Aprobación, se procede, do Informe de seguimento do Máster DAEN. Curso 2022-23 (xúntase informe).
3. Análise, reflexión e aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade. Curso 2022-23 (xúntase Memoria).
4. Rolda aberta de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas das sesión anteriores.

A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, dá a palabra á secretaria, Virginia Aznar, quen indica que non houbo alegacións á acta nº 52 (sesión ordinaria) enviada. Na acta nº 53 (sesión extraordinaria), a profesora María Campos solicita unha corrección referida a súa non asistencia á reunión. Subsanado o erro, sométense a aprobación ámbalas dúas actas. Apróbanse por asentimento.

2. Aprobación, se procede, do Informe de seguimento do Máster DAEN. Curso 2022-23.

A presidenta da Comisión sinala que o informe de seguimento do Master DAEN segue a liña dos informes anteriores, actualizando os datos académicos ao curso 22-23, sobre todo os referidos a accións de mellora. Cede a palabra á representante de calidade, Paula López Rúa, quen indica que o anterior coordinador do Master, o profesor Eugenio Otero Urtaza, deixara o informe anterior sen completar o plan de melloras, polo que houbo que indicar as accións finalizadas coas súas evidencias e trasladar as accións abertas a este curso. As accións pechadas refírense a prácticas de campo, actividades con profesionais externos, etc. que van ser recollidas no Plan Forte. A profesora Paula López indica que é importante que o plan de melloras estea correcto xa que o ano que ven (curso 24-25) o Master terá que pasar a avaliación externa da ACSUG, e a presidenta da Comisión engade que o curso seguinte (curso 25-26) haberá que renovar a acreditación (Verificación do Título).

A decana somete a aprobación o informe de seguimento do Master DAEN. Apróbase por asentimento.

3. Análise, reflexión e aprobación, se procede, da Memoria de Calidade da Facultade. Curso 2022-23.

A presidenta da Comisión cede a palabra á responsable de Calidade, a profesora Paula López, quen revisa cos membros da comisión algúns dos puntos do informe referidos ao mestrados (Master de Profesorado e Master DAEN), como a recollida de datos para a

avaliación do título, e o procedemento de revisión dos programas das materias, e as accións de mellora abertas para este curso 23-24 dos graos, dos mestrados e do centro.

Con respecto a estas accións de mellora abertas, discútense a pertinencia de crear unha Comisión de Convivencia para traballar sobre as actuacións disruptivas do alumnado da Facultade ou fusionala con outra xa existente como a de Docencia ou Xénero. A presidenta da Comisión, Carmen Sarceda, indica que se se crea unha comisión nova habería que incorporala no Regulamento de Réxime Interno da FFP e asignarlle funcións. Unha das propostas valoradas polos membros da Comisión foi a da profesora Marta Poncet, que se ofrecera a participar nesta Comisión de Convivencia, e que foi presentada na reunión pola profesora Paula López. A proposta da profesora Poncet estaba na liña de formar un grupo de traballo, máis que unha comisión, para elaborar un regulamento xenérico ou normativa de convivencia básica. Unha vez elaborado ese documento sería a Comisión de Docencia a que se encargaría de recoller as problemáticas e as súas evidencias respecto destes temas de convivencia. A presidenta, Carmen Sarceda, sinala que unha das suxestións feitas no momento de propoñer esta Comisión de Convivencia foi a de unir esta comisión coa de Xénero, xa que algunha das problemáticas existentes se refire a actitudes misóxinas, homófobas, etc. Carmen Sarceda propón reunir aos membros de ámbalas dúas comisións e que eles decidan se é factible fusionalas e deixar unha única que se ocuparía da convivencia nas súas diferentes manifestacións. Acórdase trasladar esta última proposta aos membros da comisión de Xénero e as persoas que se postularon para formar parte da de convivencia: estudar a posibilidade de crear unha única comisión que atenda á convivencia, igualdade é xénero en todas as súas manifestacións.

A representante do alumnado, Isabel Simil, pregunta se podería aumentar o número de estudantes nesta nova comisión. A presidenta responde que si, que habería que determinar a nova composición, e as novas funcións. E que entenden, tanto ela como o vicedecano, Santiago López, moi acaída a participación do alumnado.

Segundo coas accións de mellora nos graos, débátese tamén como mellorar a participación nas enquisas de valoración dos egresados. Acórdase elaborar unha enquisa propia solicitando permiso ao alumnado de 4º curso para poñerse en contacto con eles, unha vez rematada a titulación, para enviarlles información laboral ou de formación do seu interese, e para recoller datos sobre o progreso da súa situación profesional.

Despois deste análise e reflexión, a presidenta da comisión somete a aprobación a Memoria de Calidade da Facultade (curso 2022-23). Apróbase por asentimento.

4. Rolda aberta de intervencións.

A profesora Olaya Santamaría, coordinadora de Prácticum, consulta a posibilidade, por unha banda, de marcar no calendario da materia as tres sesións de organización do

Prácticum (preparación, seguimento e reflexión) que son de asistencia obrigatoria, para que o alumnado, antes da matriculación, teña en conta esas datas situadas fóra do período de estancia de prácticas nos centros escolares. O vicedecano, Santiago López, indica que se poden sinalar no calendario e que serán levadas a aprobación na seguinte Xunta de Facultade.

Por outra banda, a profesora Santamaría consulta tamén o encaixe das sesións pre-practicum de 2º, 3º e 4º curso. O vicedecano indica que as de 3º e 4º poden contarse no horario de titorías de aula da materia.

A profesora Paula López lembra que hai que poñer data para a sesión de información sobre as Mencións ao alumnado de 2º Curso de Primaria e Dobre Grao. Despois de consultar o calendario, e ante a dificultade de poñer unha data en período de exames, decídese facer a reunión por Teams en vez de presencial.

As profesoras Alba María Souto e María Campos consultan, como coordinadoras de 1º curso, se se poden realizar as reunións de final de curso co profesorado de 1º de Infantil, 1º de Primaria, e 1º de Dobre Grao de xeito conxunto, xa que soen ser os mesmos docentes e comentan as mesmas cuestións. Tanto a decana como o vicedecano, e a vicedecana da FFP coinciden en que parece algo positivo para facilitar a asistencia dos docentes.

A profesora Olaia Santamaría pregunta como se xestiona o proceso de debater ideas de mellora para Prácticum. A presidenta da comisión suxire facer un monográfico na Comisión de Practicum e TFG para discutir todas as ideas e despois se ratifican na Comisión de Calidade.

O vicedecano, e coordinador de TFG, Santiago López, reflexiona tamén sobre a Intelixencia Artificial (IA) e a elaboración do Traballo fin de Grao. A profesora María José Romero solicita que se pida á Universidade que volva a incorporar o detector de IA na ferramenta antiplaxio Turnitin. Os membros da comisión comentan tamén a necesidade de axustar a avaliación deste traballo, segundo o permita a ficha da materia, para dar maior peso ao proceso de elaboración e á defensa.

Sen mais intervencións a presidenta da comisión agradece a presenza de todos os membros e da por rematada a sesión, da que redacto acta como secretaria.

A secretaria

Vº e Prace da Presidenta

Asdo: Virginia Aznar Cuadrado

Asdo: M. Carmen Sarceda Gorgoso

Sinaturas dixitais / Firmas digitais / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: CARMEN SARCEDA GORGOSO, DECANO A DA FACULTADE DE FORMACION DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 11/07/2024 09:14:04.

Asinante/Firmante/Signer: VIRGINIA AZNAR CUADRADO, SECRETARIO A DA FACULTADE DE FORM DO PROFESORADO, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 10/07/2024 12:59:59.

CSV: 94B0-4F34-409F-8B96